

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 18 de decembro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 18/12/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 18/12/2019
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Actas de Premio Extraordinario dos Graos impartidos na EEME.
- V. Procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 2 de outubro de 2019.**

O borrador da acta enviouse por correo electrónico aos nove días da súa celebración e, de novo, xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Compensación dos Graos para o curso académico 2019/2020.**

A Directora aclara que hai que nomear unha Comisión de Compensación diferente para cada un dos graos, presididas polas correspondentes persoas coordinadoras dos graos. A continuación procédese a efectuar o sorteo para designar os membros restantes, sendo o resultado o que se recolle nas seguintes táboas:

Comisión de Compensación do Grao en ERME		
Presidenta		MARÍA ARAÚJO FERNÁNDEZ
Representantes do PDI	Vocais	ITZIAR GOICOECHEA CASTAÑO
		MARCOS CONDE FONTENLA
		ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ
	Suplentes	SANTIAGO POZO ANTONIO
		DANIEL VILLANUEVA TORRES
EDUARDO LIZ MARZÁN		
Representantes do Alumnado	Vocal	SANTIAGO DOMÍNGUEZ BLANCO
	Suplente	MIGUEL ANSEDE VILAS
Comisión de Compensación do Grao en EE		
Presidente		DAVID PATIÑO VILAS
Representantes do PDI	Vocais	PEDRO ARIAS SÁNCHEZ
		RAFAEL BARRIONUEVO GIMÉNEZ
		JORGE MORÁN GONZÁLEZ
	Suplentes	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ
		NATALIA CAPARRINI MARÍN
CARMEN PÉREZ PÉREZ		
Representantes do Alumnado	Vocal	MIGUEL ANSEDE VILAS
	Suplente	SANTIAGO DOMÍNGUEZ BLANCO

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento das novas Comisións de Compensación dos Graos para o curso académico 2019/2020.

4. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que se abriu un prazo para a presentación de candidaturas para formar parte da Comisión Permanente da Escola. O número de candidaturas presentadas coincide co de postos a cubrir, polo que non procede facer votación. As candidaturas presentadas son as seguintes:

SECTOR PDI 1º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ	ELENA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

SECTOR PDI 2º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
Mª DEL CARMEN PÉREZ PÉREZ	MARTA CABEZA SIMÓ

SECTOR PDI 3º - 4º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

TITULAR	SUPLENTE
FERNANDO GARCÍA BASTANTE	LEANDRO ALEJANO MONGE

SECTOR PDI 3º- 4º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

TITULAR	SUPLENTE
PABLO EGUÍA OLLER	JAVIER TABOADA CASTRO

SECTOR PDI MASTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS

TITULAR	SUPLENTE
TERESA RIVAS BREA	EDUARDO GIRÁLDEZ PÉREZ

SECTOR PDI MASTER EN XEOINFORMÁTICA

TITULAR	SUPLENTE
PEDRO ARIAS SÁNCHEZ	JOAQUÍN MARTÍNEZ SÁNCHEZ

SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTE
MARTA CARIDE PÉREZ	PABLO LEITE SALAS
ALEJANDRO CASAL BARREIRO	
SANTIAGO DOMÍNGUEZ BLANCO	
BELÉN PARENTE ARTIME	

SECTOR PAS

TITULAR	SUPLENTE
MARÍA MAYTE MARCOTE PEREIRA	Mª DEL CARMEN ROMO PÉREZ

A Xunta de Escola aproba por asentimento a renovación da Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía.

5. Ratificación, se procede, das actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora sinala que, valorados os expedientes do alumnado, no caso do Grao en Enxeñaría da Enerxía o mellor é o de Ana Larrañaga. No caso do Grao ERME o Premio quedaría deserto, dado que non hai ningún estudante que cumpra os requisitos esixidos pola normativa de aplicación.

Intervén Jesús Rico e sinala que, na súa opinión, deberían terse en conta outros méritos ademais do expediente (mobilidade, participación nas actividades, asociacións e órganos do centro...), cando varios solicitantes cumpran os requisitos. A Directora di que se revisará a convocatoria e se verá si cabe facer unha proposta neste sentido.

A Xunta de Escola ratifica os acordos dos tribunais de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

6. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

A Directora amosa as solicitudes recibidas de informe para recoñecemento de quinquenio de docencia. Así mesmo, comenta que se comprobou que nos períodos solicitados non consta ningunha incidencia rexistrada para ningunha das persoas solicitantes polo que propón emitir informe favorable para todas elas.

NOME	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Lino José Álvarez Vázquez	Matemática aplicada	Matemática Aplicada II	02/10/2014 ao 01/10/2019
Áurea María Martínez Varela	Matemática aplicada	Matemática Aplicada II	06/08/2014 ao 05/08/2019
M ^a Ángeles Saavedra González	Estatística e investigación operativa	Estatística e Investigación Operativa	10/11/2014 ao 10/11/2019
Elena González Rodríguez	Expresión gráfica na enxeñaría	Deseño na Enxeñaría	01/01/2015 ao 31/12/2019
Daniel Villanueva Torres	Enxeñaría eléctrica	Enxeñaría Eléctrica	15/12/2014 ao 14/12/2019
Higinio González Jorge	Enxeñaría Cartográfica, xeodésica e fotogrametría	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	14/06/2014 ao 31/08/2018
Belén Díaz Fernández	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	27/09/2014 ao 28/09/2019
Pablo Eguía Oller	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	11/10/2014 ao 11/10/2019
José Fernández Seara	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	12/01/2014 ao 11/01/2019
Marta María Cabeza Simó	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	01/01/2015 ao 31/12/2019
Carmen María Abreu Fernández	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica	Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción	26/04/2014 ao 25/04/2019
Xosé M. López Fernández	Enxeñaría eléctrica	Enxeñaría Eléctrica	31/05/2013 ao 31/05/2019
José Manuel Santos Navarro	Máquinas e motores térmicos	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos	01/10/2014 ao 30/09/2019

María Inmaculada Fenollera Bolívar	Enxeñaría dos procesos de fabricación	Deseño na Enxeñaría	01/10/2008 ao 01/12/2019
Diego Moldes Moreira	Enxeñaría química	Enxeñaría Química	15/07/2014 ao 14/07/2019

A Xunta de Escola aproba por asentimento emitir informe favorable sobre a actividade docente para todas as solicitudes recibidas.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora comenta a necesidade da aprobación na Xunta de Escola do novo procedemento de calidade “IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos”, que substitúe aos procedementos “PA07 Xestión dos recursos materiais” e “PA08 Xestión dos servizos”, e que foi aprobado na Comisión de Calidade da UVIGO o 11 de xullo de 2019. A Directora explica brevemente o proceso seguido e os principais cambios efectuados sobre o documento marco para melloralo e personalizalo para o noso centro. Este documento, que se achegou coa convocatoria da Xunta de Escola, foi aprobado na Comisión de Calidade da EEME o 19 de novembro de 2019.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o procedemento “IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos”. Infórmase que nos próximos días publicarase na web do centro substituíndo aos procedementos anteriores.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

A Directora felicita o Nadal a todas as persoas presentes e informa de que está dispoñible para os membros da comunidade universitaria do centro o calendario do ano 2020.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 53 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaoito de decembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 18/12/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 18/12/2019

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Actas de Premio Extraordinario dos Graos impartidos
na EEME

ANEXO V

Procedemento de calidade IA-01 Xestión dos recursos
materiais e dos servizos